



En contestación á petición de data 16 de marzo, sobre o anteproxecto do "Gran Hotel Balneario Auria", indicarlle que esta Deputación considera o termalismo a peza angular da nosa identidade, mantendo un forte compromiso coa valorización e preservación de todos os elementos asociados á historia ourensá do aproveitamento das augas mineromedicinais e termais. Entre eles, a figura de Vázquez Gulías ten un papel sobranceiro, especialmente no termalismo ourensán e galego. Respecto ao anteproxecto do Gran Hotel Balneario Auria, cómpre sinalar:

Trátase dunha primeira versión dunha proposta, o anteproxecto, que se desenvolverá en distintas fases e que, entre outras administracións, se presentará a Patrimonio en momentos sucesivos. O obxectivo fundamental do anteproxecto é responder á tramitación do expediente de legalización de aproveitamento das augas, de acordo a Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A tal fin, defínese o uso ao que se destinarán as augas aforadas, o departamento termal, o uso hoteleiro proposto e os servizos complementarios. Incide especialmente en avaliar se as estruturas do edificio (patios, muros, ocos, escaleiras) son capaces de albergar un hotel balneario. Este extremo queda probado e propóñense distintas solucións de habitacións, de uso dos patios e de posibilidades terapéuticas que o edificio e as súas estruturas ofrecen, con distintas visualizacións e opcións. O anteproxecto desenvolvido respecta todos os elementos construtivos do Pazo Provincial, de acordo ás investigacións e á planimetría coñecida e accesible ata o momento, incluíndo a obra deste insigne arquitecto.

Nos planos e na memoria do anteproxecto desenvólvense dúas opcións de fachada.

Ourense, 22 de marzo de 2023

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.